

UNIDADE DE CONTROL NEUROMUSCULAR E FORZA E AULA

Normativa de utilización e solicitude

- Espazo destinado a docencia e investigación segundo se recolle no plano de organización docente aprobado en Xunta de Facultade.
- Enténdese por docencia o desenvolvemento de actividades académicas relacionadas coas distintas materias do plano de estudos, coa presenza do profesor responsable, en horario de clases aprobado en Xunta de Facultade.
- Enténdese por investigación aquelas actividades que se desenvolven dentro dun proxecto de investigación, aprobado por algún organismo oficial (UDC, Xunta, etc.), que derivará na presentación dos resultados na produción científica do responsable.
- O uso destes espazos e materiais levarase a cabo mediante solicitude por escrito ao centro (modelo de impreso), co tempo de antelación suficiente para que este resolva dita petición de acordo á dispoñibilidade da instalación solicitada.
- Será o/a profesor/a de cada actividade o/a responsable dos equipos, materiais e instalación en xeral.
- Será o/a usuario/a o/a responsable da limpeza, a ausencia de ruído e de utilizar unha toalla persoal para a limpeza dos asentos e soportes das máquinas.
- Será o/a conserxe ou auxiliar de servizos o/a encargado/a de abrir, pechar a aula, así como de controlar o tempo de estadía dos/as usuarios/as.

(Aprobada en Xunta de Facultade celebrada o 21 de abril de 2006)